

## ACTA

En Arzúa, a 31 de maio de 2018.

Sendo as 10.10 horas, reúnense na aula n.º 3 do primeiro andar do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **técnico en turismo**, na modalidade de funcionario interino, para desenvolver o programa local de mellora e mantemento, atención e información ao peregrino e promoción do Camiño Francés, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada laboral de trinta e sete horas e media semanais, durante un período de tempo de catro meses; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por resolución do alcalde, ditada o día 10 de abril de 2018.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D. Luis Fole Barrio (*arquitecto técnico municipal do concello de Arzúa*).

- Vogais:

- D<sup>a</sup>. Ana Vallo Camba (*axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Boimorto*).

- D. Joaquín Vázquez Rodríguez (*técnico de normalización lingüística do concello de Melide*).

- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*), que actua con voz e voto

( Non compareceu a vogal dona Mónica Seijo Rey -axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques-).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora,--de conformidade co disposto no artigo 17 n.º 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público--, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en “*responder a un cuestionario de trinta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*”.

Para o cal, elaboráronse -con anterioridade ao comenzo deste exercicio- as trinta cuestións en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos seis folios que conteñen as trinta preguntas elaboradas, incluíndo tamén tres preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos catro aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos dezanove que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta, cunha equis ou cun círculo.

- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.

- Que será necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, a ser posible no día de hoxe.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de corenta e cinco minutos, desde as 10.15 horas ata as 11.00 horas.

Dándose a circunstancia de que os catro aspirantes remataron os seus exercicios antes da hora límite fixada para iso.

Polo que desde as 11.00 horas ata as 11.20 horas se levou a cabo a corrección dos exercicios realizados polos catro aspirantes presentados.

Sendo dito cuestionario o que se recolle como Anexo á presente acta, figurando cun circulo vermello cal é a pregunta correcta a cada unha das cuestións formuladas.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros integrantes- outorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

Nome e apelidos	Puntuación exercicio teórico
Patricia Merino Mouriño	NP
María García Pérez	17,5
Pablo Cervantes Casanova	NP
José Manuel Mirás Pulleiro	NP
María Rosario Canicova Castro	NP
Raquel Sexto Rey	18,75
María Laiño Vázquez	NP
Alejandro Laiño Piñeiro	NP
Paula Paz Millán	NP
Raquel Sánchez Mella	NP
Marta Gómez Jiménez	NP
Cristina Vázquez Casal	NP
Constanza Fernández-Couto Tella	NP
Raquel Castaño Corral	NP
Noemi Abajo Vega	11,5
Lorena García Novoa	NP
Alejandro Marcos Rodríguez Monteserín	NP
Constantino González Varela	17
Xiana Vilar Sopeña	NP

Tras considerar oportuno repasar as puntuacions outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados.

Adoptouse - por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora con dereito a voto- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos catro aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico, da fase de oposición.

**Segundo.-** Facer saber á aspirante Noemi Abajo Vega, que non obtivo a puntuación mínima de 15 puntos, que quedaba eliminada para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

**Terceiro.-** Convocar aos restantes tres aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **7 de xuño** (xoves) as **10.00 horas**, no Salón de Comisións da Casa do Concello sita na rúa Santiago, n.º 2 de Arzúa; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluído no Anexo I das Bases; cuxo exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 11.25 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, como secretario de dita Comisión, dou fe.



**PROCESO DE SELECCIÓN, POR OPOSICIÓN LIBRE, DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO ARZÚA.**

- Cada resposta correcta valorarase con 1 punto
- Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos
- As respostas en branco non puntuarán.
- O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 15 puntos

**NOME:**

**APELIDOS:**

**DNI:**

**PROBA TEÓRICA:**

**1. Os obxectivos establecidos pola Lei 7/2011 de Turismo de Galicia son coincidentes cos perseguidos polo Tratado de:**

- a) Roma
- b) Lisboa
- c) Paris
- d) Londres

**2. Un dos grandes problemas do turismo cultural é:**

- a) A arquitectura como reclamo turístico.
- b) A coordinación entre as institucións públicas relacionadas coa cultura e a relacionadas co turismo.
- c) A masificación de lugares históricos.
- d) A colaboración público – privada.

**3. Un produto turístico conta coas seguintes sinais de identidade:**

- a) Intanxibilidade e caducidade
- b) Caducidade e inseparabilidade
- c) A e B son correctas
- d) A e B son incorrectas.

**4. Un sector da poboación que non viaxa a un lugar determinado por algún motivo; pero que si dito motivo desaparece ou cambia, sería posible que viaxara; constitúe un tipo de demanda...**

- a) Real
- b) Potencial
- c) Diferida
- d) Non efectiva

**5. Os tres principais destinos turísticos con maior número de espazos declarados patrimonio cultural da humanidade son...**

- a) Italia, Grecia, España.
- b) Italia, Francia, España.
- c) Italia, China, España.
- d) Italia, India, España.

**6. Os dereitos e obrigas das usuarias e usuarios turísticos aparecen enumerados no:**

- a) Título preliminar da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia.
- b) No título 1 da Lei 7/ 2011 de Turismo de Galicia.
- c) No título 2 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia.
- d) No título 3 da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia.

**7. O Camiño de Santiago foi declarado “Primeiro Itinerario Cultural Europeo” no 1987...**

- a) Pola UNESCO
- b) Pola UE
- c) Pola ONU
- d) Polo Consello de Europa

**8. Os membros da Xunta de Goberno son nomeados por...**

- a) O Pleno
- b) A Comisión Informativa
- c) O Alcalde
- d) Os veciños

**9. A primeira parroquia do Concello de Arzúa pola que discorre o Camiño Francés é...**

- a) Burres
- b) Rendal
- c) Boente
- d) Castañeda

**10. En que parroquia de Arzúa se atopaban os antigos fornos de cal que se empregaron para construción da Catedral de Santiago?**

- a) Boente
- b) Castañeda
- c) Rendal
- d) Burres

**11. Os requisitos xerais aos que están suxeitas as empresas turísticas para o exercicio da súa actividade aparecen concretados no título IV da Lei 7/2011, en que capítulo?**

- a) Capítulo 1
- b) Capítulo 2
- c) Capítulo 3
- d) Capítulo 4

12. Segundo o sociólogo Cohen, o tipo de turista que desexa interactuar cos anfitrións, aceptando as normas locais e, incluso adoptando os hábitos locais (roupa, aloxamento, alimentación...) encadraríase no tipo de...

- a) Turista de masas
- b) Explorador
- c) Individuo do turismo de masas
- d) Drifter

13. Un produto turístico é unha combinación de elementos tanxibles e intanxibles. É un elemento intanxible:

- a) As infraestruturas básicas do territorio
- b) Materia prima do produto
- c) Servizos
- d) Recursos turísticos do entorno

14. Os establecementos de aloxamento turístico que reúnan unhas características especiais, sexa polos seus valores arquitectónicos ou pola súa ubicación singular en lugares paisaxisticamente destacables denomínanse:

- a) Pousadas
- b) Pensións
- c) Hospedarías rurais
- d) Casas rurais

15. En que mes do ano se celebra normalmente a Festa do Queixo de Arzúa?

- a) Febreiro
- b) Marzo
- c) Abril
- d) Maio

16. En que parroquia do Concello de Arzúa se sitúa a Capela da Mota?

- a) San Estevo do Campo
- b) San Martiño de Calvos
- c) Burres
- d) A Mella

17. Os tres piares básicos do turismo sustentábel son:

- a) A economía, o ecosistema, a sociedade
- b) A economía, o turismo, a sociedade
- c) A sociedade, o turismo, o ecosistema
- d) A economía, o turismo, o ecosistema

**18. Que edición da Festa do Queixo se celebrará no ano 2019?**

- a) A 42
- b) A 43
- c) A 44
- d) A 45

**19. Que natureza teñen os datos do padrón municipal?**

- a) Son públicos
- b) Son confidenciais
- c) Son secretos
- d) Son privados

**20. Cal dos seguintes artigos da Constitución está dedicado á regulación do Municipio?**

- a) 138
- b) 139
- c) 140
- d) 141

**21. A Feira de Arzúa celébrase...**

- a) O primeiro domingo de mes.
- b) O primeiro e último domingo de mes
- c) Os días 8 e 22 de cada mes
- d) Os días 5 e 25 de cada mes

**22. A Capela da Madanela pertenceu a un desaparecido convento de...**

- a) Agostiños
- b) Beneditinos
- c) Clarisas
- d) Franciscanos.

**23. Os bens de servizo que permiten a actividade turística constitúen:**

- a) O patrimonio turístico
- b) Un recurso turístico
- c) Destino turístico
- d) Demanda turística

**24. Que órgano municipal está integrado polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados libremente por aquel?**

- a) A comisión especial de contas
- b) A xunta de goberno local
- c) A comisión de administración local e transparencia
- d) O pleno



**25. Que artigo da Constitución recolle o dereito e deber de traballar?**

- a) Artigo 39
- b) Artigo 33
- c) Artigo 37
- d) Artigo 35

**26. O Centro de Saúde de Arzúa atópase na rúa...**

- a) Padre Pardo
- b) Fraga do Rei
- c) Baltasar Pardal
- d) Rúa do Viso

**27. O desenvolvemento sostible do turismo vai indisolublemente unido ao concepto de capacidade de carga. Sobre esta podemos afirmar que...**

- a) Chámase capacidade de carga ao uso mínimo que pode facerse dun lugar sen causar deterioro no mesmo.
- b) Chámase capacidade de carga ao uso máximo que pode facerse dun lugar sen causar deterioro no mesmo.
- c) Chámase capacidade de carga á capacidade mínima de acollida que presentan determinadas cidades monumentais.
- d) Chámase capacidade de carga á cuantificación da intensidade de uso de determinados bens históricos en tempada alta.

**28. O Códice Calixtino data do século...**

- a) Século X
- b) Século XI
- c) Século XII
- d) Século XIII

**29. Só un dos seguintes dereitos poderá ser suspendido de forma individual nos casos previstos:**

- a) A liberdade persoal
- b) O dereito ao segredo das comunicacións
- c) O dereito á intimidade
- d) Todas as respostas anteriores son falsas

**30. Cal dos seguintes datos non é obrigatorio que conste no Padrón municipal?**

- a) A nacionalidade
- b) O lugar de nacemento
- c) O certificado ou título académico que se posúa
- d) O número de teléfono



## PREGUNTAS RESERVA

**1. O exercicio de potestades administrativas vinculadas á protección das empresas turísticas legalmente constituídas e a defensa da súa actividade fronte ao intrusismo corresponde a:**

- a) Xunta de Galicia
- b) Deputación Provincial
- c) Concellos
- d) Mancomunidades

**2. Algúns dos principais conflitos ambientais do turismo teñen que ver con:**

- a) A enerxía
- b) A auga e os incendios
- c) A e B son falsas
- d) A e B son verdadeiras

**3. A Lei 7/2011 de Turismo de Galicia márcase como obxectivo a profesionalización do sector. En que título fai referencia ás profesións turísticas?**

- a) Título II
- b) Título III
- c) Título V
- d) Título VI